



NORMATIVA ELECTORAL APLICABLE:

Estatutos da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego:

Art. 18. A Asemblea Xeral é o órgano decisorio supremo da Asociación. Os seus acordos son vinculantes para todos os demais órganos e ten a facultade de elixir todos os cargos directivos e revogalos, mediante o procedemento de voto de censura establecido no Regulamento de Réxime Interno.

Está integrada por todos os membros numerarios e institucionais, máis dez representantes dos socios e socias do Museo do Pobo Galego.

Art. 24. O Consello de Goberno é o órgano executivo de goberno ordinario da Asociación. Está integrado por quen exerza a Presidencia, as Vicepresidencias, a Secretaría e a tesouraría, dúas vogalías en representación dos membros numerarios e dúas vogalías en representación dos socios e socias do Museo do Pobo Galego. A Dirección do Museo do Pobo Galego asistirá con voz pero sen voto.

Art. 25. As vogalías do Consello de Goberno elixiranse pola Asemblea Xeral, terán un período de duración de catro anos e poderán ser reelixidas. Quen represente os membros numerarios deberá ter cando menos dous anos de antigüidade. As vogalías en representación dos socios e socias do Museo do Pobo Galego serán cubertas entre as dez persoas elixidas como representantes na Asemblea Xeral da Asociación. As vogalías renovaranse en dúas quendas.

Regulamento de Réxime Interno da Asociación Padroado do Museo do Pobo Galego

Capítulo II: Da Asemblea dos Socios e Socias do Museo do Pobo Galego

Art. 24. A Asemblea de Socios e Socias estará integrada por todas as persoas socias do Museo do Pobo Galego que non estean privadas dos seus dereitos como tales.

Serán competencias desta Asemblea:

- c) Elixir e revogar os seus representantes na Asemblea Xeral.
- d) Elixir e revogar os seus vogais no Consello de Goberno.

Art. 26. A Asemblea de Socios e Socias elixirá dez representantes que serán membros da Asemblea Xeral do Padroado mentres dure o seu mandato. Para ser elixido representante, ademais dos requisitos legais de capacidade, cómpre ter polo menos unha antigüidade de un ano como persoa socia do Museo, non ser patrón ou patroa e estar ao corrente do pagamento das cotas.

O mandato desta representación será de catro anos, renovándose por metades cada dous anos.

A Asemblea de Socios e Socias poderá retirar a súa confianza a todos ou parte dos seus representantes antes de finalizar o seu mandato.

Corresponde tamén a esta Asemblea designar, de entre as dez persoas elixidas, a quen ocupen as vogalías en representación das persoas socias no Consello de Goberno. As vogalías, en número de dúas, terán un mandato de catro anos e serán elixidas por metades cada dous anos. O seu mandato coincidirá co que teñen como representantes na Asemblea Xeral.

Quen representen as persoas socias na Asemblea Xeral e no Consello de Goberno poderán ser reelixidos.

Capítulo III: Eleccións a representantes de socios e socias nos órganos colexiados da Asociación

Art.27. 1. Cando estatutariamente proceda, o Consello de Goberno convocará eleccións para a renovación de representantes das persoas socias na Asemblea Xeral do Padroado e no Consello de Goberno. A tal efecto remitirá a todas as persoas socias a convocatoria electoral na última decena do mes de marzo, que incluírá o calendario electoral, a normativa aplicable, os postos a elixir e a lista de elixibles.

2. De existir algún erro na lista de elixibles, será comunicado dentro dos cinco primeiros días naturais despois da recepción á Secretaría que, unha vez comprobada a existencia do erro, remitirá ao electorado o listado corrixido dentro dos dous primeiros días hábiles seguintes.

3. A elección realizarase na Asemblea ordinaria de Socios e Socias que se celebre dentro da primeira quincena do mes de maio, e deberá constar expresamente como un punto na orde do día da mesma, xusto a continuación da lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior.

Art. 28. As candidaturas, que se presentarán a título individual e mediante escrito asinado pola persoa candidata, poderán entregarse na Secretaría da Asociación ou remitirse por correo certificado ata o día 30 de abril.

De ser inferior ou igual o número de persoas candidatas presentadas ao número de vacantes existentes, aquelas quedarán proclamadas como representantes das persoas socias.

De non presentarse candidaturas para cubrir todas as vacantes, aquelas persoas socias que cumpran os requisitos poderanse propoñer directamente na Asemblea de Socios e Socias con anterioridade á votación ata completar o número de representantes que cómpre renovar. De presentarse en persoa máis candidaturas das necesarias procederase á votación entre elas para cubrir as prazas que non fosen cubertas polas candidaturas presentadas antes do día 30 de abril.

Art. 29. 1. Cando corresponda a elección, quen exerza a Presidencia e a Secretaría constituiranse en Mesa Electoral.

2. Tras verificar a Mesa Electoral que as persoas candidatas figuran na lista de elixibles, dará a coñecer as candidaturas e, no seu caso, os programas que as acompañen.

3. Non se admitirá o voto anticipado nin o voto delegado.

4. As reclamacións que se poidan realizar no proceso electoral será resoltas no acto pola Mesa Electoral.

Art. 30. O resultado do escrutinio farase constar na acta da sesión. A Mesa proclamará as persoas candidatas electas para que tomen posesión dos seus cargos, e a continuación a Asemblea de Socios e Socias designará, de entre as persoas elixidas no proceso anterior, a quen representará as socias e socios no Consello de Goberno.

Art. 31. 1. A revogación de quen representa as persoas socias na Asemblea Xeral do Padroado ou no Consello de Goberno antes da fin do seu mandato ordinario poderá iniciarse mediante a presentación na Secretaría da Asociación dunha moción de censura por escrito onde se expoñerán os motivos da proposta e que deberá estar asinada por non menos do 10 por cento das socias e socios do Museo.

2. Cumprido este requisito, o Consello de Goberno convocará no prazo máximo de un mes desde a presentación do escrito unha Asemblea de Socios e Socias Extraordinaria, que terá como único punto da orde do día a solicitude de revogación, e na que se achegará copia do escrito recibido.

Art. 32. A revogación só será efectiva de pronunciarse a favor da censura cando menos a maioría absoluta das persoas socias presentes. De ser rexeitada, non poderá presentarse outra contra as mesmas persoas no que lles quede de prazo no seu cargo. De saír adiante, o Consello de Goberno convocará nos trinta días seguintes eleccións para cubrir os cargos vacantes polo que lles reste de mandato, de acordo coas normas previstas para o proceso electoral ordinario.

